



DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO RELATIVA AO PROXECTO DO PARQUE EÓLICO VARILONGO, NOS CONCELLOS DE SANTA COMBA E CORISTANCO (A CORUÑA), PROMOVIDO POR ECOVITAL RENOVABLES, S.L. (CLAVE 2021/0176)

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, en base ás súas competencias para resolver este expediente ambiental segundo o Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e de conformidade coa proposta do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, que a continuación se transcribe:

Antecedentes e motivación da aplicación do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria

Dentro do procedemento substantivo seguido pola Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Consellería de Economía e Industria, para o proxecto de parque eólico Varilongo, solicitouse ao órgano ambiental o inicio da avaliación de impacto ambiental ordinaria.

O promotor xustifica no estudo de impacto ambiental (EslA) presentado o sometemento do proxecto ao procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria por tratarse dun proxecto recollido no anexo I da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, concretamente no grupo 3.i): parques eólicos que teñan 50 ou máis aerogeradores, ou máis de 30 MW ou que se atopen a menos de 2 km doutro parque eólico en funcionamento, en construción, con autorización administrativa ou con declaración de impacto ambiental.

Este sería o caso da actuación pretendida, dado que o parque proxéctase a menos de 2 km dos parques eólicos Fontesilva e a súa ampliación (en funcionamento). Polo tanto, está incluído no artigo 7.1, apartado a (serán obxecto dunha avaliación de impacto ambiental ordinaria os proxectos comprendidos no anexo I).

En consecuencia, o proxecto someteuse a avaliación de impacto ambiental ordinaria segundo a dita Lei 21/2013, e agora procede formular a declaración de impacto ambiental (DIA) de acordo co artigo 41 da lei.

1. INFORMACIÓN SOBRE O PROXECTO

1.1. Alcance da avaliación ambiental

A presente DIA analiza os elementos considerados na avaliación ambiental realizada sobre a documentación recibida desde o órgano substantivo, consistente, por unha banda, na presentada polo promotor (documento técnico do proxecto e o EslA), e por outra banda, na obtida dentro do procedemento substantivo de autorización do proxecto (resultante dos trámites de información pública e de consultas ás Administracións públicas e ás persoas interesadas; artigos 36 e 37 da Lei 21/2013, respectivamente).

A dita avaliación ambiental pronúnciase sobre os posibles impactos asociados ao proxecto e analizados no expediente, que inclúen os efectos significativos sobre os factores ambientais derivados da vulnerabilidade do proxecto ante riscos de accidentes graves ou de catástrofes naturais. Porén, non inclúe a avaliación de seguridade e saúde no traballo, nin outros ámbitos sectoriais que posúen normativa reguladora propia e instrumentos específicos.

Finalmente, cómpre sinalar que o presente proxecto está integrado dentro do Plan Nacional de Enerxía e Clima (PNIEC), en base ao cal España da cumprimento ao Regulamento (UE) 2018/1999 do Parlamento Europeo e do Consello do 11 de decembro de 2018 sobre a gobernanza da Unión da Enerxía e da Acción polo Clima.





1.2. Promotor e órgano substantivo

O promotor do proxecto é a sociedade Ecovital Renovables, S.L. (anteriormente denominada Cortizo Eólicas, S.L.) e o órgano substantivo a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Consellería de Economía e Industria.

1.3. Obxecto do proxecto, descrición e localización

De acordo co estudo de impacto ambiental, o proxecto sometido a información pública ten por obxecto a execución dun parque eólico de 3 MW de potencia total nos concellos de Santa Comba e Coristanco (A Coruña), composto por 1 aeroxerador e a súa infraestrutura asociada, que se localizarán dentro do polígono definido polas coordenadas UTM (ETRS89, fuso 29):

Vértice	UTM-X	UTM-Y
1	513.876	4.772.015
2	514.704	4.771.997
3	514.544	4.770.846
4	514.172	4.770.739

A localización dos aeroxeradores e demais infraestrutura asociada ao parque eólico será a que se recolle no plano nº EIA-06, incluído no documento titulado "*Estudio de impacto ambiental. Parque eólico Varilongo (3 MW). Términos municipales de Santa Comba y Coristanco. (Provincia de A Coruña, Galicia)*" de Abril 2022.

As características principais do proxecto son as seguintes:

- Número de aeroxeradores: 1
- Modelo previsto: Enercon E-115 EP3 E3
- Potencia nominal unitaria: 3 MW
- Potencia total instalada: 3 MW
- Altura de buxa: 87 m
- Diámetro de rotor: 115,7 m

As características da instalación inclúen ademais un centro de transformación trifásico montado no interior da góndola do aeroxerador, a instalación dun centro de manobra e medida 20 kV (CMM) implantado nun módulo prefabricado de formigón e un sistema colector de media tensión formado por un circuíto de tensión nominal de 20 kV en instalación soterrada co obxecto de canalizar a enerxía xerada pola aeroturbina ata o novo centro de manobra e medida.

A evacuación do parque eólico proxectado realizarase a través da liña de evacuación con orixe no centro de medida e manobra e fin no apoio nº 7 da liña aérea de 20 kV (LMT Mina-Randufe) que discorre polas proximidades do parque eólico proxectado e que forma parte da rede de distribución da empresa distribuidora Electra de Santa Comba, S.L. Dita liña de evacuación é obxecto de outro proxecto independente.

A obra civil inclúe a apertura duns 625 m de novos vieiros de acceso e servizo ás instalacións. No que atinxe ás características xeométricas dos camiños internos, de acordo ao establecido no estudo de impacto ambiental, o ancho útil dos camiños para garantir o transporte dos compoñentes da turbina eólica será de 4,5 m en sección recta (empregando simulación para garantir a amplitude necesaria nas seccións curvas). En caso de empregar grúas sobre eirugas, o ancho útil da vía será ampliado ata o ancho da grúa mais un marxe de cando menos 10 cm, sendo como referencia o mais común empregar un ancho de vía de 6 m en caso de empregar grúas sobre eirugas de vía estreita e 11 m en caso de empregar grúa sobre eirugas convencionais.






Para evitar a circulación de auga sobre o firme dos vieiros e capturar as escorrentas do terreo construírse unha cuneta de sección triangular non revestida que desaugará nas liñas de drenaxe natural. Nos laterais dos camiños con pendentes superiores ao 10% dispórse unha cuneta de desague de 1 m de anchura e 0,50 m de profundidade baixo a subrasante.

A rede interior de cableado (composta por tendidos de media tensión, posta a terra e comunicacións) realizarase aproveitando o trazado actual de gabias en todos os tramos no que se considere viable tecnicamente, escavándose 657,5 m de gabias para soterrar dito cableado.

Acondicionarase na base do aeroxerador unha plataforma para almacenaxe das pas e montaxe dos mesmos. A caseta de obra, oficinas e zonas de almacenamento de residuos e o punto de almacenamento, así como a zona de amoreamento localizarase ao inicio do vieiro de acceso ao aeroxerador, ocupando unha superficie de 2.129 m².

O prazo estimado de execución do proxecto é duns 6 meses.

Inclúese a continuación un bosquexo do proxecto coa configuración descrita anteriormente:





2. TRAMITACIÓN E ANÁLISE DO EXPEDIENTE

2.1. Resumo da tramitación

Segundo a documentación achegada, o 02.06.2020, Cortizo Eólicas, S.L.(na actualidade Ecovital Renovables, S.L.), solicitou as autorizacións administrativas previa e de construción, así como a aprobación do proxecto sectorial para o parque eólico Varilongo, nos concellos de Santa Comba e Coristanco, na provincia de A Coruña, ao abeiro da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de compensación Ambiental, modificada pola disposición derradeira sétima da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia e modificada pola Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, achegando xunto coa solicitud a documentación técnica necesaria para a tramitación do expediente.

Logo diso, e de conformidade co disposto na Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de compensación ambiental, na redacción dada pola referida Lei 5/2017, a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais iniciou o procedemento de autorización administrativa das instalacións que comprende o referido parque eólico.

En canto ao trámite ambiental e como xa se sinalou, o proxecto sométese a avaliación de impacto ambiental (AIA) ordinaria conforme á Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Mediante Acordo do 29.05.2023, da entón Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Empresa e Innovación (publicado no DOG núm. 110, do 12.06.2023), segundo o previsto no artigo 36 da Lei 21/2013, someteuse a información pública a solicitud de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (PIA) e o estudo de impacto ambiental (EIA) do parque eólico Varilongo, nos concellos de Coristanco e Santa Comba, e a solicitud de autorización administrativa previa e autorización administrativa de construción da LMTS 20 kV de evacuación do parque eólico Varilongo, no concello de Santa Comba.

Así mesmo, a dita xefatura territorial, segundo o artigo 37 da Lei 21/2013 de forma simultánea á información pública, efectuou o trámite de consultas.

O 08.04.2024 recíbese na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático o expediente ambiental do proxecto, remitido pola Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais como órgano substantivo por razón da materia, como órgano substantivo por razón da materia, para os efectos de continuar coa tramitación de cara a formular a DIA.

Entre a documentación recibida atópase o EsIA titulado *Estudio de impacto ambiental. Parque eólico Varilongo (3 MW). Términos municipales de Santa Comba y Coristanco. (Provincia de A Coruña, Galicia) e o Proyecto parque eólico Varilongo Ref. 01- Concello de SANTA Comba y Coristanco (A Coruña)* (con datas de sinatura dixital do 08.05.2023 e 04.05.2023, respectivamente), sometidos a información pública e consultas.

O 17.04.2024 recíbese nesta consellería, a través da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, nova documentación que completa o expediente e relativa ao proxecto.

2.2. Resumo da análise técnica do expediente

O expediente de avaliación de impacto ambiental contén, entre outra documentación, o estudo de impacto ambiental (EsIA), o documento técnico do proxecto de execución, diversa documentación complementaria incorporada ao longo da tramitación, os anuncios e certificados de exposición pública, as alegacións ambientais e os informes recibidos como resultado dos trámites de información pública e de consultas sobre o EsIA e as súas addendas ou documentación complementaria de ser o caso.





■ En canto aos informes pódese indicar o seguinte:

- A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, emite un informe no que logo de expoñer os antecedentes administrativos e as consideracións legais e técnicas, efectúa unha análise da documentación recibida (o EslA e o Proxecto Sectorial sometidos a información pública). En base a dita análise, esta Dirección Xeral considera que o deseño do parque eólico Varilongo reflectido na documentación presentada é compatible coa protección e a conservación do patrimonio cultural, e por tanto, emite un informe favorable dos documentos achegados e obxecto de análise, tendo en conta as consideracións establecidas no anexo 4 do EslA, así como as seguintes consideracións que se resumen a continuación:

- No caso de obter unha DIA favorable, e unha vez autorizado o proxecto de execución do parque eólico, os traballos de construción deste realizaranse baixo control e seguimento arqueolóxico; a tal fin, e previo ao inicio dos mesmos, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.
- A totalidade das obras que comporten movementos ou remocións de terras deberán levar aparelladas o control arqueolóxico das mesmas, supervisión que deberá ser continua, presencial e intensiva no contorno de protección dos bens arqueolóxicos documentados, ou sobre o de calquera outro ben que poida aparecer no transcurso das obras.

Asemade estableceranse zonas específicas de cautela e control nos ámbitos que serán ocupados polas obras de nova construción (plataforma, cimentacións do aerogenerador, novos vieiros e as infraestruturas asociadas), así como para a apertura de novos accesos, nos que as rozas de vexetación serán previas á executar calquera movemento de terras e estas deberán facer baixo control e seguimento arqueolóxico presencial, intensivo e continuo do persoal técnico autorizado, que deberá inspeccionar intensivamente os terreos unha vez rozados. Ao abeiro deste control e seguimento na fase de roza dos terreos e replanteo das obras, revisaranse e documentaranse polo miúdo os restos de trincheiras/cortas e moreas de pedras que foron documentados na fase de prospección previa.

- No caso de que se constate a existencia de restos patrimoniais de interese, primarase a conservación *in situ* dos mesmos, o que poderá dar lugar a modificar o proxecto e a establecer novas medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias.
- Prestárase especial atención ás afeccións sobre os valados e muros de pedra feitos coa técnica tradicional de construción de pedra en seco que poidan existir na zona de obras. Para iso, nas rozas e replanteo de accesos, plataformas, cimentacións e gabias de cableado estará presente o/a arqueólogo/a que leve a cabo o control e seguimento arqueolóxico das obras, para identificar axeitadamente e reflectilos en cartografía os tramos de muros tradicionais de pedra en seco que se poidan ver afectados polas obras. En todo caso, procurárase axustar as obras no replanteo para que as afeccións sexan as mínimas. Tamén baixo control arqueolóxico desmontaranse os tramos de muros onde sexa preciso e durante as labores de restauración ambiental procederase á reintegración e remate axeitado.
- Por outra banda, acompañando ao proxecto de control e seguimento arqueolóxico das obras de construción do parque eólico, será necesario presentar un proxecto de investigación, mantemento e posta en valor dalgúns dos xacementos destacados existentes no concello de Santa Comba, en especial, o Castro de Boaña ou a necrópole tumular de Sanguineira. Dito proxecto deberá de recoller, cando menos, os traballos de control da roza de vexetación e acondicionamento dos xacementos arqueolóxicos,





accesos e do seu contorno inmediato, cunha sinalización individualizada dos mesmos e un traballo de difusión dos bens, tanto en redes sociais como presencialmente (visitas guiadas). Sen prexuízo do anterior, a selección dos xacementos e os contidos definitivos do proxecto deberán estar consensuados con esta dirección xeral e mais co Concello de Santa Comba. Tamén será necesario asinar un compromiso de mantemento e conservación destes elementos por parte da empresa. Este proxecto deberá de entregarse con anterioridade ao inicio das obras.

- Certificarase o estado final dos elementos de patrimonio cultural unha vez rematada a totalidade das obras.
- Calquera modificación do proxecto terá que ser informada pola DXPC.
- Con carácter previo ao inicio das obras deberá presentarse unha avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural dos accesos ao parque eólico, na que se concrete o itinerario de acceso desde a rede de estradas xerais e se detallen as actuacións necesarias para facilitar o paso do transporte especial (podas, talas, rectificación de curvas, modificacións no firme, cunetas, etc.). Identificaranse os bens do patrimonio cultural que puideran verse afectados, tanto nos núcleos polos que se atravesase como no resto do trazado ata chegar aos aeroxeradores (xacementos arqueolóxicos, hórreos, cruceiros, valados e muros de peche tradicionais, antigos camiños e corredoiras, carballeiras, pontes, pontellas, muíños e outras construcións etnográficas) e valorarase a posible afección aos elementos e os seus contornos, establecendo as medidas protectoras e correctoras necesarias para a súa salvagarda.

Finalmente, esta dirección xeral sinala que de acordo cos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, as intervencións que se pretendan realizar en Bens de Interese Cultural (BIC) ou catalogados, así como nos seus contornos de protección ou, de ser o caso, zonas de amortecemento, terán que ser autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e para iso, a entidade promotora ou os concellos afectados deberán remitir o correspondente proxecto técnico para a súa autorización previa á conexión das licenzas municipais urbanísticas.

O promotor na súa resposta manifesta a conformidade co exposto no informe de esta Dirección Xeral.

- A Dirección Xeral de Patrimonio Natural, tras expoñer os antecedentes administrativos e facer un resumo do proxecto, indica que a zona onde se proxecta a instalación non ostenta ningunha figura de espazos naturais protexidos, das recollidas na Lei 5/2019, do 2 de agosto, de patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, e na Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, nin está comprendida dentro dos límites de ningunha área protexida por instrumentos internacionais. O proxecto non afecta a árbores ou formacións senlleiras, nin humidais dos recollidos no Inventario galego de humidais (non obstante esta dirección xeral sinala os presentes nunha contorna de 5 km), a actuación prevista seguindo a gubia de cableado non afecta a canles fluviais e tampouco a áreas prioritarias para avifauna ameazada e/ou zonas de protección da avifauna contra liñas eléctricas de alta tensión, segundo o establecido na Resolución do 18 de outubro de 2021. Sinala, así mesmo, que o proxecto non está incluído dentro do ámbito de plans de recuperación ou conservación de especies protexidas, sendo a área mais próxima a área de distribución potencial delimitada no Plan de recuperación da subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus* L.subsp. *Lusitanica* Steinbacher) en Galicia e sita a 1,6 km ao nordés da poligonal do parque. Por outra banda, indica que, segundo o Atlas de hábitats naturais e seminaturais de España, localízanse teselas de hábitats naturais de interese comunitario (4030). Recolle ademais un listado de especies de flora e fauna incluídas no Decreto 88/2007 do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas (CGEA), puntualizando que a dita información





corresponde a un ámbito territorial de 10x10 km, polo que unicamente proporciona unha primeira aproximación de cara á realidade da análise.

O informe incorpora un resumo das observacións efectuadas polo Servizo de Patrimonio Natural da Coruña, onde sinala diversos aspectos referentes á vexetación, á fauna, á identificación e valoración de impacto e aos efectos acumulativos e sinérxicos. Respecto da vexetación, ponse de manifesto carencias no grado de detalle do estudo de impacto ambiental e recolle o informado polo axente do distrito correspondente no que atinxe ás afeccións provocadas polo proxecto a formacións e comunidades vexetais. No tocante á fauna, indícase a falta de identificación da procedencia dos datos reflectidos na documentación, resaltando a necesidade de realización por parte do promotor dun estudo preoperacional da fauna e facendo fincapé nos grupos máis afectados por este tipo de proxecto (aves e quirópteros). Así mesmo recóllense observacións sinaladas polo axente de campo referidas ás especies de fauna que poden sufrir impacto pola actuación pretendida. Realízanse observacións en canto á identificación de impactos sobre a vexetación e fauna para remarcar novamente a necesidade de realización dun estudo preoperacional para avaliar os posibles impactos, con especial atención ás especies de aves e quirópteros. Finalmente este servizo sinala a discordancia dos datos empregados no estudo e os presentes na Dirección Xeral referentes á avaliación de efectos acumulativos e sinérxicos.

Seguidamente esta Dirección Xeral realiza unha serie de observacións sobre o EsIA, remarcando novamente a ausencia de estudo de campo preoperacional de ciclo fenolóxico completo para o estudo e caracterización da avifauna e quirópteros e falta de adecuación do estudo de efectos acumulativos e sinérxicos.

Finalmente procede a realizar unha análise e valoración da situación, expoñendo a problemática asociada ao aumento de densidade de aeroxeradores nas ADEs e as afeccións sobre grupos de aves e quirópteros para a continuación mencionar o análise realizado sobre os efectos acumulativos e sinérxicos, remarcando a alta densidade de aeroxeradores presentes na área e a probable existencia de efectos sinérxicos sobre as poboacións de avifauna. Asemade fai fincapé na ausencia de aporte de datos útiles do estudo de impacto ambiental para valorar os impactos sobre as poboacións de avifauna.

Dita Dirección Xeral conclúe que o proxecto presenta impactos acusados sobre o patrimonio natural e a biodiversidade e, por tanto, emítese informe desfavorable.

- O Instituto de Estudos do Territorio, emite un primeiro informe no cal recolle o marco legal e a descrición do proxecto e contido do estudo de impacto ambiental en relación coa paisaxe, destacando a ausencia no estudo do pertinente Estudo de Impacto e Integración Paisaxística (EIIP). A continuación caracteriza a paisaxe afectada polo proxecto e procede ao análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas na documentación. En dito análise, este instituto volve a incidir na ausencia de EIIP de acordo ao establecido pola lexislación vixente. Sinala tamén a referencia á paisaxe realizada na memoria do documento (concretamente nun subcapítulo do inventario ambiental), así como outras cuestións referidas á paisaxe e contempladas en dito documento. Posteriormente fai alusión á análise de visibilidade levada a cabo destacando o porcentaxe de visibilidade da infraestrutura, a non afección a Áreas de especial interese paisaxístico (AEIP) pero si ao miradoiro de Pico de Meda e núcleos de poboación da contorna.

Finalmente conclúese que o principal impacto paisaxístico do proxecto será a incidencia visual producida polo aeroxerador, que pola súa forma e altura, será visible dende unha ampla extensión de terreos e a longas distancias. Esta incidencia perdurará durante todo o tempo en que estea instalado, e verase incrementada pola incidencia visual acumulada pola sinerxía con outros parques eólicos nas proximidades, algúns deles localizados a curta distancia do proxecto e sobre os núcleos de poboación próximos ao parque. Tamén se sinala a afección ao miradoiro de Pico Meda.





Remárcase que se deberá incorporar no EsIA un EIIP cuxo contido debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e os artigos 25 e seguintes do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, aprobado polo Decreto 96/2020, do 29 de maio (RLPPG) e establece unha serie de consideracións a incorporar. Tras as observacións realizadas, dito organismo considera necesario solicitar un novo informe.

En resposta a este primeiro informe, o promotor achega o documento denominado *“Estudio de Impacto e Integración paisaxística. Parque eólico Varilongo. Términos municipales de Santa Comba y Coristanco. (Provincia de A Coruña)”* de xullo de 2023, co cal pretende satisfacer os requirimentos previstos no informe previo emitido por este organismo.

En base á nova documentación achegada polo promotor e constituída polo EIIP, este organismo emite un segundo informe. Tras expoñer os antecedentes e sinalar o marco legal, realiza unha descrición do proxecto e contido do estudo de impacto ambiental, sinalando a ausencia de xustificación da incorporación ao proxecto das Directrices do paisaxe de acordo ao establecido pola lexislación vixente, polo que considera que dito EIIP non se pode considerar que se axuste formalmente ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e artigos 26 e seguintes do RLPPG. Na posterior análise dos efectos do proxecto sobre a paisaxe a as medidas de integración paisaxística, este organismo sinala a falta de introdución de modificacións no proxecto de acordo ao anterior informe, motivo que implica a reiteración das indicacións do informe previo, non obstante considera as medidas de integracións paisaxísticas adecuadas.

Finalmente conclúe reiterando o xa indicado no informe previo, a existencia dun impacto paisaxístico motivado pola incidencia visual provocada pola presenza do aeroxerador e incrementada pola sinerxía con outros parques eólicos da contorna. Asemade alude novamente á afección prevista sobre o miradoiro de Pico Meda.

Indica as consideracións ás que debe axustarse o EIIP para dar cumprimento ao requirimento efectuado:

- De acordo co apartado d) do artigo 27 do RLPPG, incorporará a xustificación do cumprimento das directrices de paisaxe, para o que non abondará cunha mera transcripción delas.
- Respecto das medidas preventivas e correctoras para a integración paisaxística do proxecto, deberá preverse a cautela, conforme á epígrafe c) da directriz de paisaxe DX.20, e dada a presenza de núcleos rurais próximos ao proxecto, de que no caso de existir unha manifesta preocupación social polo impacto visual dos aeroxeradores, deberán adoptarse as medidas necesarias para reducir e mitigar o impacto visual. Nestes casos, estudarase a posibilidade de realizar plantacións de árbores autóctonas nas proximidades dos núcleos, de maneira consensuadas cos seus habitantes. Estas deben realizarse con especies arbóreas, arbustivas e herbáceas propias do lugar, dispoñéndoo dun modo semellante ao natural.

Este organismo non considera necesario a emisión de un novo informe. Ante este segundo informe, o promotor da resposta manifestando a súa conformidade co mesmo.

- Augas de Galicia, emite un informe no que logo de recoller os antecedentes e citar a lexislación de aplicación, continua coa análise da documentación achegada (Estudo de Impacto Ambiental) centrándose na descrición do proxecto, na rede fluvial presente na contorna (destacando a non afección a esta polas actuacións propostas), nas zonas protexidas citando as mais próximas á contorna das actuacións (e destacando a non afección a estas), nas zonas inundables (indicando que non se producen afeccións a estas) e nos aproveitamentos hídricos (sinalando a presenza dun aproveitamento na contorna de 500 m ao redor das obras).





Continúa dito informe cun apartado no que reflicte unha serie de consideracións respecto das actuacións susceptibles de causar afeccións ao medio hídrico e recolle unha serie de condicións particulares para a execución do proxecto.

Finalmente dito informe conclúe que non é previsible que o proxecto poida causar impactos ambientais significativos, tendo en conta as medidas protectoras e correctoras que o promotor prevé adoptar no documento ambiental presentado e as consideracións a tal efecto referidas no informe emitido por dito organismo. Asemade sinala a necesidade de contemplar as directrices sinaladas no informe e na documentación achegada, co fin de evitar a non afección ao dominio público hidráulico durante os procesos de execución dos traballos.

O promotor na súa resposta manifesta a conformidade co exposto no informe de Augas de Galicia.

- A Axencia Turismo de Galicia, emite informe no cal fai unha exposición dos antecedentes, un resumo do proxecto e unha descrición da contorna, para seguidamente analizar o contido do Estudo de Impacto Ambiental, os efectos do proxecto sobre o turismo e as medidas protectoras e correctoras propostas.

Seguidamente dito organismo realiza unha serie de apreciacións referentes a visibilidade do parque, o efecto visual do proxecto e a súa relación coa presenza de parques na contorna ou a distancia dos elementos de interese turístico presentes, para concluír que o proxecto non vai causar un impacto significativo sobre os elementos turísticos da zona.

Dito organismo expón unha relación de consideracións que deberán ser tida en conta, aparte das medidas previstas na documentación achegada, para minimizar o impacto do proxecto sobre os valores turísticos da zona. Engade que o promotor deberá incorporar ao Plan de Vixilancia actuacións específicas de supervisión periódica da posible afección da infraestrutura no sector turístico (como medicións dos niveis acústicos na contorna dos establecementos hostaleiros situados a menos de dous quilómetros dos aeroxeradores, ou simulacións das horas de parpadeo de sombras recibidas naqueles establecementos hostaleiros localizados a menos de 10 veces o diámetro do rotor dos aeroxeradores). Sinala ademais, que estas medidas non necesitarán ser sometidas a novo informe desta axencia.

O promotor na súa resposta manifesta a conformidade co exposto no informe da Axencia Turismo de Galicia.

- A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, emite informe no cal sinala que se estima que o risco de accidentes graves ou catástrofes é baixo, e que as medidas de prevención incluídas son correctas, todo isto sen prexuízo de que, se o proxecto estivese afectado polo Real Decreto 393/2007, do 23 de marzo, polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia e/o estea contemplado dentro das actividades incluídas no Anexo I do Decreto 172/2022, do 6 de outubro, o titular da actividade/proxecto deberá elaborar, implantar, manter e revisar o Plan de Autoprotección, que debe ser redactado por persoal técnico competente capacitado.

O promotor manifesta a súa conformidade co informe emitido por este organismo.

- A Dirección Xeral de Saúde Pública, emite un informe no que realiza unha avaliación do proxecto dende os seguintes puntos: caracterización da poboación en situación de risco, determinación dos potenciais perigos e identificación das posibles vías de exposición. Tras desenvolver as cuestións mencionadas anteriormente e realizar unha análise da documentación remitida polo promotor, dito organismo conclúe informando favorablemente respecto ás posibles afeccións ambientais no ámbito da saúde pública, e condicionando dito informe ás seguintes consideracións:





- Con respecto ao emprego do hexafluoruro de xofre (SF_6), deberá contemplar no estudo de impacto ambiental as recomendacións e medidas de xestión que se contemplan nos estándares internacionais ao respecto, de xeito que se eviten ou minimicen as emisións, en especial de ser o caso, na carga e descarga dos equipos que o empregan. Deberá incluírse no plan de vixilancia as medidas preventivas e correctoras no seu manexo.
- Con respecto ao ruído e vibración, deberá reflexar no estudo de impacto ambiental un plan de vixilancia e control dos niveis de presión sonora en fase de explotación, mediante a realización de medicións periódicas para verificar o disposto no Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, para as áreas acústicas de tipo "a" (sectores do territorio con predominio de solo de uso residencial) os índices de ruído $L_{k,d}$, $L_{k,e}$ e $L_{k,n}$ de 55, 55 e 45 dB(A) respectivamente no núcleo de Varilongo e así asegurar a ausencia de efectos significativos dos que podan derivarse afeccións para a saúde da poboación.
- Con respecto ao efecto parpadeo de sombras, deberá incluír no plan de vixilancia ambiental un seguimento de dito efecto nos lugares onde se superen as 8 horas ano no caso real.

Ante dito informe o promotor manifesta a súa conformidade, así como a intencionalidade de incorporar as consideracións establecidas por dito organismo, nunha nova versión do Estudo de Impacto Ambiental.

- A Subdirección Xeral de Meteoroloxía e Cambio Climático, emite informe no cal tras analizar aspectos relevantes das instalacións (emprazamento e altitude), en relación ao radar de Montes Xesteiros, considera viable a instalación do parque eólico Varilongo por parte da empresa promotora.

Non obstante, dita Subdirección Xeral tras aludir á profundidade do análise realizado, xunto coa recente tecnoloxía empregada polo radar referido previamente, considera a posibilidade de aparición de problemas non contemplados na actualidade, polo que non descarta pedir posteriores medidas compensatorias á empresa promotora co fin de reducir o impacto do parque eólico na calidade dos datos procedentes do radar.

Ante dito informe o promotor manifesta a súa conformidade co mesmo.

- A Dirección Xeral de Defensa do Monte, emite informe no cal tras detallar os antecedentes e expoñer unha serie de consideracións legais e técnicas, informa favorablemente a realización do parque eólico Varilongo, situado nos concellos de Santa Comba e Coristanco na provincia da Coruña.

O promotor na súa resposta manifesta a conformidade co exposto no informe emitido por esta Dirección Xeral.

- O Concello de Santa Comba, non emite informe durante o período de consultas, non obstante presenta unha alegación na que expón as súas consideracións respecto do proxecto.
 - A Sociedade Galega de Historia Natural, emite opinión sobre o proxecto pretendido e realiza unha serie de consideracións que xa son tidas en conta polos organismos competentes.
- No tocante ás alegacións, no expediente constan as presentadas por 4 asociacións, 43 particulares e unha dun concello afectado.

Unha parte do contido das alegacións non reviste carácter ambiental, referíndose a cuestións alleas ao ámbito competencial do órgano ambiental. No que se refire exclusivamente aos aspectos ambientais (impacto ambiental en xeral), e sen prexuízo das aclaracións ou informacións achegadas polo promotor nas súas respostas ás ditas alegacións, refírense a cuestións que son tidas en conta





polos correspondentes órganos competentes e recollidas neste mesmo apartado da DIA, aos aspectos procedimentais que se resumen no punto 2.1 e no punto 3 respecto da viabilidade ambiental do proxecto. Tamén constan as respostas do promotor a ditas alegacións.





3. PROPOSTA

Logo de finalizar a análise técnica do expediente de avaliación de impacto ambiental e á vista do que se desprende do informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural (en canto aos impactos sinérxicos acusados sobre o patrimonio natural e a biodiversidade), considérase que a actuación proxectada non é ambientalmente viable, polo que se propón formular unha declaración de impacto ambiental desfavorable para o proxecto.

Manuel Díaz Cano
Xefe do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos
(asinado electronicamente)

CONFORME

Juan Manuel Camiño Soto
Subdirector xeral de Avaliación Ambiental
(asinado electronicamente)

RESOLVE

Formular a declaración de impacto ambiental desfavorable do parque eólico Varilongo nos termos propostos polo Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos, en cumprimento do disposto no artigo 41 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Mediante o anuncio que se inserirá no *Diario Oficial de Galicia* farase pública esta declaración de impacto ambiental que estará dispoñible na páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, e remitirase ao órgano substantivo para os efectos do artigo 42 da lei de avaliación ambiental.

De acordo co apartado 4, do artigo 41 da lei de avaliación ambiental, a declaración de impacto ambiental non será obxecto de recurso algún, sen prexuízo dos que, no seu caso, procedan en vía administrativa ou xudicial fronte ao acto, no seu caso, de autorización do proxecto.

Santiago de Compostela, (na data da sinatura electrónica)

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático
(asinado electronicamente)

